



CAMPO DE VOLUNTARIADO "COSTA AZUL" POIO (PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
23/07-03/08/2025	18-30	Estatal	Medioambiental e mariño	15



LOCALIZACIÓN

Poio é un municipio da provincia de Pontevedra, situado ao norte da ría de Pontevedra.

Son, por diferentes motivos, moi importantes dúas das súas parroquias: Combarro co seu conxunto histórico artístico e San Salvador de Poio, onde se supón o nacemento de Cristobal Colón.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Nos últimos anos, a protección do litoral estase a volver de vital importancia dado o aumento do turismo e a masificación de areas e contornos de costa, esta proposta de EcoCampo pretende concienciar a xente nova sobre a necesidade de respectar os nosos recursos naturais, coídalos e poñer en uso as ferramentas da economía circular, 7R, que logo poden aplicar na súa vida diaria.

Accións:

Limpar as costas do concello de Poio coa axuda de drons e a acción voluntaria en caiac e SUP, facendo rutas de ecolimpeza de praias por Lourido, Combarro, Sinas, Chancelas etc.

Promocionar o ECOTurismo e o consumo responsable co medio mariño.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Coñecer a cultura mariñeira na contorna visitando O Grove, Cambados, o mirador do alto do Siradella, a praia da Lanzada, a Illa da Toxa, Combarro, a Illa de Tambo...
- Obradoiros: de manexo dun dron submarino para a detección e recollida de lixo pousado no fondo mariño; de comida saudable, de xoiería de materiais reciclados
- Bath cooking: combinación de comidas saudables

COMO CHEGAR

Desde Santiago ata Pontevedra pódese viaxar en bus con www.monbus.es ou en tren (www.renfe.es).

Desde Vigo o servizo de autobús faino a compañía www.monbus.es ata Pontevedra. Tamén se pode facer o traxecto en tren (www.renfe.es).

ALOXAMENTO

IES de Poio, camiño do Penedo, número 27, 36995, Pontevedra.



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h no lugar do aloxamento. Alternativamente, establécese un punto de encontro na estación de autobuses de Pontevedra.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (**110€**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo persoal e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila pequena
- Zapatos de sendeirismo e calzado deportivo
- Lanterna
- Roupa: roupa deportiva (suadoiros), traxe de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), roupa de abrigo (adeuada para traballar baixo a chuva ou con clima frío), abrigo impermeable, roupa de traballo (luvas, gorro/sombreiro, calzado cómodo, roupa adecuada para o traballo no sitio, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo: campos-pontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude

